

Reconquista da vila de Vigo

2007



Do 31 de Marzo ao 1 de Abril

Patrocina:



Concello de Vigo
Concellaría de Festas e
Animación Sociocultural

Organiza:



Asociación veciñal e cultural
Casco Vello
Vigo

— PRÓLOGO —

A RECONQUISTA de Vigo é un dos sinais de identidade máis sobranceiros da nosa historia como cidade. Na marxe dos posicionamentos político-relixiosos dalgúns historiadores que alzan a voz en contra da celebración anual desta xesta tachada de reaccionaria desde as orixes, o certo é que voluntariamente a poboación viguesa se mobilizou ás ordes de alcaldes, fidalgos e cregos do Val do Fragoso para tentar expulsar ás tropas francesas, o que conseguiron o 28 de Marzo de 1809, unha fazaña máis meritoria aínda, se temos en conta que se trataba dun inimigo moi cualificado e numeroso. Foron tres meses de asedio.

Por este escenario se moveron persoeiros míticos como o fidalgo militar de carreira nado nos arredores de Ourense, don Bernardo González del Valle, máis coñecido polo apelativo orográfico de Cachamuíña, e Carolo, cregos como os franciscanos Andrés Villagelliú, Giráldez e frei Pedro Romero, o capitán de Navío Juan de Villavicencio, o alférez de Mariña Pablo Morillo, o tenente portugués absolutista Juan de Almeida, o Alcalde da Vila o avogado Vázquez Varela, o abade de Couto, Mauricio Troncoso e xente do pobo: besteiros, ferreiros, carpinteiros, mariñeiros do Berbés... ós que non debemos obviar.

Hoxe, sen embargo, imos falar dos e cos lugares da cidade –que daquela era Vila– nos que os vigueses deixaron impresos na epiderme das pedras da vella muralla e das lousas das rúas o brado da loita e o sufrimento calado.

Estes lugares cos seus nomes nunca poderán falar, pero van ser por sempre unha recordación da carraxe e valentía dunha man de paisanos que defenderon o que era seu.

Conversaremos con algúns deles, de fóra e de dentro das murallas: A Porta da Falperra, A porta do Sol ou Salgueiral, A porta da Gamboa, A rúa da Ferreiría, A Rúa Real ou da Faixa, A Porta do Pracer, A Rúa do Ramil, etc....

Gerardo Secau Rodríguez
Director do Instituto de Estudos Vigueses

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

EXPOSICIÓNS

TRAXES

NO INSTITUTO CAMÕES - CASA ARINES (Praza de Almeida)

Inauguración 12 de marzo

Presentación: Patricia González Iglesias

Do 12 de marzo ao 1 de abril

HORARIO: luns a sábado de 17,30 a 21,30 h • Domingos de 11 a 14 h

FOTOGRAFÍAS

Marcos Rodríguez

RVISIÓNS

CASA DA CULTURA (Praza da Constitución)

Do 23 de marzo ao 1 de abril

HORARIO: luns a sábado de 17,30 a 21,30 h • Domingos de 11 a 14 h

CONFERENCIA

Gerardo Secau Rodríguez - Director do Instituto de Estudos Vigueses

“A Reconquista de Vigo e o vello rueiro ¡Falemos!”

INSTITUTO CAMÕES - CASA ARINES (Praza de Almeida)

30 de marzo ás 20.00 h

GERARDO SECAU RODRÍGUEZ, naceu en Arbo (Pontevedra) no ano 1940. Cursou Estudos Superiores nas facultades de Filosofía e Letras das Universidades de Santiago de Compostela e de Salamanca na que acadou a Licenciatura en Linguas Clásicas.

É Socio Numerario Fundador do Instituto de Estudos Vigueses, Socio Fundador de Estudos Latinos e Membro Fundador da Asociación de Amigos de Otero Pedrayo.

Foi colaborador en temas culturais “A nosa toponimia” na desaparecida Radio Cadena Española e máis tarde Radio Nacional de España.

Seu é o traballo de Normalización Lingüística do Rueiro Municipal de Vigo. Autor dos libros *Vigo nalgún dos seus topónimos* (1990) editado pola Concellaría de Cultura do Concello de Vigo, *Os nomes da terra de Vigo* (1996) e *Os nomes da Ría de Vigo I* (1998) editados polo Instituto de Estudos Vigueses (Fundación Provigo).

Foi durante anos relator e coordinador de Cursos sobre aspectos varios das Linguas Clásicas patrocinadas polo Centro de Formación do profesorado de Vigo e Pontevedra e conferenciante sobre Toponomástica de Galiza. Ten publicacións dabondo en xornais galegos verbo da microtoponimia da cidade de Vigo e Bisbarra.

Na actualidade imparte docencia de Lingua Grega e Latina no I.E.S. “Alexandre Bóveda” de Vigo.

Sábado 31 de marzo

A partir das 10 da mañá, apertura do MERCADO TRADICIONAL

ANIMACIÓN DE RÚAS

Pola mañá

Animación musical a cargo de GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL GALEGA

Pza. da Princesa: TARAMBAINAS (Lavadores)

Joaquín Yáñez e Palma: ARUME (Beade)

Triunfo e Igrexa: MEIGALLOS (Lavadores)

Oliva e Pedra: OS TRASNOS DA GAITA (Navia)

Pza. de Almeida e Méndez Núñez: OS TABÁNS (Freixo)

Ás 12,30 h na Biblioteca Central

Conto Interactivo PEPIÑA XOANIÑA QUERE VOAR
RIVEL ANIMACIÓN

Pza. da Princesa: TIOVIVO (Todo o día)

Pola tarde

PASARRÚAS DE MÚSICA TRADICIONAL

Pza. da Constitución:

Presentación e inauguración da Festa (18,00 h)

Pza. de Almeida:

Demostración de Palilleiras (17,30 h)

Obradoiro de instrumentos musicais (19,00 h)

Pza. Joaquín Yáñez:

XINCANA (Todo o día)

Torneo de xogos de destreza (18,00 h)

Rúa Triunfo (Librería LIBROS PARA SOÑAR):

SOMBRAS CHINESAS. Polos alumnos do Colexio Ría de Vigo (18,00 h)

Pza. do Berbés:

CONCERTO a partir das 22.00 h

- Gaiteiros TREIXADURA + Orfeón TREIXADURA
- Grupo de Rock galego RUXE-RUXE

Domingo 1 de abril

ARTESÁNS–Demostracións (De mañá)

Pza. da Constitución: Oleiro, Cesteiros, Selleiro, Zoqueira

Pza. da Princesa: Redeiras, Palilleiras

Pza. de Almeida: Canteiros, Instrumentos musicais

Pza. da Pedra: Obradoiro de Pan para nenos

ANIMACIÓN DE RÚAS

A partir das 11 da mañá

ATURUXO de Valadares • NOUTRORA de Sárdoma

(Por todo o recinto da Festa)

PASARRÚAS DE MÚSICA TRADICIONAL

Colexiata: (Mañá e tarde)

Saída de XIGANTES E CABEZUDOS. Compañía VIRAVOLTA

Pza. de Joaquín Yáñez: Ás 11,30 h: XINCANA, instrucións no posto instalado na praza • TORNEO DE XEDREZ

Pza. da Constitución:

Ás 13,30 h: MONICREQUES BARRIGA VERDE - Compañía Viravolta

Ás 17,30 h: Comezo da representación teatral da Reconquista

Na Praza da Constitución:

- Entrada e posterior ocupación das tropas napoleónicas co xefe de escuadrón Chalot.
- Resposta do alcalde Vázquez Varela e do Tenente Almeida.
- Rendición do pobo.
- Estratexias e alarmas para a defensa da Vila.
- Parlamento entre o mariñeiro Carolo, o combatente Cachamuña e Frei André (Abade de Valadares).

Na rúa Gamboa:

- Derrubamento da Porta da Gamboa.
- Rendición dos franceses na rúa da Laxe.

Na praza do Náutico:

- Parlamento da comandita ao pobo de Vigo.
- Embarco das tropas francesas
- Baile de confraternidade.

Pza. da Constitución:

Ás 20,00 h: Concerto do grupo portugués NMB e danzas tradicionais portuguesas participativas a cargo de Marta Coutinho.


Ás 21,00 h: SETE SAIAS. Grupo de arpas e voces



*Vístete de época
e participa connosco*



PLANO DA REPRESENTACIÓN



Reconquista
da Vila de Vigo
2007

Patrocina

Organiza



Concello de Vigo

Concellaría de Festas e Animación Sociocultural



Asociación veciñal e cultural
Casco Vello
Vigo

Colaboran



Noso agradecemento:

A Gerardo Secau Rodríguez, director do Instituto de Estudos Vigueses; a Patricia González Iglesias, costureira; ás veciñas e veciños do Casco Vello; ás alumnas do obradoiro de Costura Tradicional; a Bareta (embarcación); ao Museo Quiñones de León; ao C. P. Ría de Vigo (San Miguel de Oia); a A Buxaina; a Biblioteca Central; a Librería Libros para Soñar; a tódalas Asociacións Veciñais e Culturais e demais colectivos, pola vosa participación nesta Reconquista da Vila de Vigo 2007.

Que opinión che merece esta festa?

Cómo participas ou participarías?

Que aspectos mellorarías?

Recorta este cuestionario unha vez cumprimentado e entrégao no posto da organización, situado na Pza. da Constitución ao lado da Casa da Cultura, os días da Festa.